



# As fillas da criada



1.<sup>a</sup> edición, 1.<sup>a</sup> impresión, 2024  
Título orixinal: *Las hijas de la criada*

© Sonsoles Ónega, 2023

© Editorial Planeta, S. A., 2023

© Follas Voadoras, SL  
Praza da Torre Lombarda, 1, Baixo  
32660 Allariz  
contacto@editorial.gal

Entra en [airaeditorial.gal](http://airaeditorial.gal) e desfruta de todas as vantaxes  
de te subscribires ao CLUB AIRA

© Pola tradución do castelán: Rosa Mariño e César Lorenzo

Ilustracións da tapa: Miguel Robledo

Fotografía da autora: © Javier Ocaña

Deseño da COLECCIÓN EMILIA: David Calviño

Impresión e encadernación: Mundo

ISBN: 978-84-128581-3-6

Depósito legal: OU 79-2024

Axúdanos a manter en pé o ecosistema do libro. Se necesitas fotocopiar  
ou escanear algún fragmento deste libro, comunícatelo co Centro Español  
de Dereitos Reprográficos (CEDRO): [conlicencia.com](http://conlicencia.com).

Reservados todos os dereitos. Esta obra está protexida pola lei.



# AS FILLAS DA CRIADA

SONSOLES ÓNEGA

Tradución de Rosa Mariño e César Lorenzo

PREMIO PLANETA 2023



Aira





*A Iago e a Gonzalo, que sempre (me) esperan.*





*Recuérdalo tú y recuérdalo a otros.*

Luís Cernuda

*Porque a vida dos mortos consiste na memoria dos vivos.*

Marco Tulio Cicerón

*Amor e mar hai para todos.*





—*Din que houbo parto no pazo dos Valdés.*

—*Quen cho dixo?*

—*Dixérono no porto e a nova voou coma gaivota de mar. Pero dixeron máis.*

—*Que máis dixeron?*

—*Que, como criada e ama pariron ao mesmo tempo, iso é cousa de meigas.*





# PRIMEIRA PARTE

PUNTA DO BICO, FEBREIRO DO 1900



## CAPÍTULO 1

Hai historias que permanecen agochadas durante séculos e merecen ser contadas. Historias de familias que esvaecen canda os seus mortos, sepultadas baixo as súas cinzas. A que empezou a forxarse tras os muros do pazo do Espírito Santo é unha delas.

Até agora ninguén se atrevera a escribila.

Aínda que voou coma gaivota de mar.

Cando os señores Valdés remataron de cear, o cheiro da ría entrou no comedor e perseguiunos até a sala da cheminea, onde dona Inés sentiu o frío do parto.

Levaba varios días revolta, mais non o esperaba tan cedo. O parto previsto era o de Renata, casada con Domingos, matrimonio de gardiáns e campesiños das terras do pazo do Espírito Santo.

A conxectura de que o que ía suceder en cuestión de horas tamén o soubese don Gustavo Valdés ficaría niso, nunha conxectura. En realidade, ninguén podería confirmar o que pasou despois daquela noite, chuviosa coma todas as de febreiro en Punta do Bico, provincia de Pontevedra.

O vento do norte zarandeaba os cristais e ameazaba con rompelos nunha das súas furiosas acometidas. Don Gustavo remexeu as cavacas da cheminea e mergullouse na lectura dun artigo sobre o cultivo da remolacha que, dun tempo a esta parte, se revelara como un tubérculo interesante de cara á súa explotación azucreira.

Dona Inés dixo que tiña contraccións, mais o seu home non lle prestou atención nin reparou no púrpura da cunca dos seus ollos nin no baixa que tiña a barriga, vencida cara ás coxas. Distantes como estaban —el na súa orelleira, ela na butaca tapizada a xogo—, tampouco puido advertir que dona Inés ardía coa febre.



—Non me atopo moi ben, Gustavo —volveu dicir.

O marido ergueu a vista do xornal

—Déitate, meu amor. Agora subo.

Dona Inés mirou para o seu home e viu-no tan embebido no *Faro* que o deixou estar. Saíu da sala e asomou o nariz na cociña para pedirlle a Isabela, a criada, que lle preparase unha infusión ben quente.

—Aínda que non sei se chegarei a tomala. Síntome morrer.

—Que lle pasa á miña señora?

—Dóeme aquí —Sinalou cos dedos a zona baixa da barriga—. Coma se me estivesen a fender a barriga.

—Suba ao seu cuarto e lévolle eu unha camomila.

—Camomila, non, Isabela. Tráíame unha tila.

—Unha tila?

—Si, Isabela, unha tila. Jaime está a durmir?

—Si, señora. Coma un anxo. Non se preocupe polo neno. Suba, que axiña chego eu. Ten vostede moi mala cara.

—E Renata?

A señora preguntou pola outra criada porque antes de deitarse gustaba de pasarlle revista á intendencia.

—Pechouse na casa ás seis da tarde.

—E non volveu saír?

—Non, señora.

—De Domingos sabe algo?

—Ha de andar na cantina —contestou Isabela.

Dona Inés sentiu unha picadela na barriga que a dobrou até o chan.

—Que mala estou! Para min que nace hoxe.

—Ai, non, señora. Non diga iso. Que é domingo. E non avisamos a parteira. Non lle daría tempo a chegar desde Vigo! É domingo! —repetiu angustiada.

—Estará esperto o doutor Cubedo?

—Non podo sabelo, señora. Pero xa sabe que o doutor Cubedo non é de partos.

—Dá igual. Vaia buscalo, por favor.

—E onde o busco a estas horas?

—Estará na casa ou eu que sei —contestou dona Inés.

Suxeitando a barriga coas dúas mans conseguiu subir as escaleiras que levaban á alcoba principal, e foi deitarse na cama e empezar a sentir unhas contraccións descoñecidas. Non se parecían en nada ás que anunciaron a chegada do seu primeiro fillo, Jaime, o ano anterior. Eran secas e punzantes. Tocou o baixo ventre e sacou a man ensanguentada.

—Isabela! Isabela! Non hai tempo que perder!

—A que berra así é a señora? —preguntou sobresaltado don Gustavo.

Tirou co xornal ao chan e correu escaleiras arriba mentres Isabela, sen contestarlle ao seu señor, voou a buscar o doutor Cubedo. Atopouno co pixama posto e a piques de pechar os ollos até o día seguinte.

—Doutor, ten que vir ao pazo dos señores Valdés. Dona Inés púxose de parto. Morre!

—Que esaxerada, muller!

—Non lle esaxero nin unha chisca. Di que sente coma se lle fendesen a barriga. Aínda non lle tocaba, doutor! Apure, polo que máis queira.

—Canto lle faltaba?

—Polo menos tres semanas!

—Segundo os teus cálculos...

—Si, señor. Segundo os meus cálculos.

Foi tal a insistencia da criada que o médico saíu só co posto. Apenas lle deu tempo a botar un abrigo polos ombros e a agarrar o maletín, pero esqueceu o paraugas para a chuvia incesante. A lama dos camiños impedíalles correr, a risco de esvararen en calquera momento, e o doutor Cubedo non estaba para sustos. Os cans ouvearon e os gatos fuxiron ao oír o chío da cancela do pazo. Subiron os chanzos de dous en dous, calados até os ósos e enchoupando a madeira en cada alancada. No cuarto dos señores Valdés, don Gustavo parecía unha alma en pena aos pés da cama onde dona Inés empezara a parir sen parir.

—Polo que máis queira, doutor Cubedo, salve a miña muller! —saloucou.

—Non me diga iso, don Gustavo, que non é máis ca un parto.

—Este parto vén mal —sentenciou o señor.

O médico persignouse, quitou a roupa mollada e vestiu unha camisa seca e un pantalón de don Gustavo que lle quedaba inmenso. O doutor Cubedo era un saco de ósos, miúdo de ventre, que non había xeito de engordar.

—Onde está o baño? Necesito lavar as mans —Isabel conduciu o médico—. Escoita, rapaza. Ferve auga e tráesma cando estea morna —ordenoulle mentres se aseaba.

Saíu do lavabo coas mans aínda pingando, achegouse a dona Inés e coa comisura dos beizos comprobou que estaba a arder.

—Temos que espila. Hai que baixar esa febre.

Espiron a señora entre don Gustavo e o doutor, que mal que ben axudou o que puido porque non había tempo nin espazo para o recato.

—Cúbraa cunha saba fina e pídalle roupa vella á criada.

—Doutor, está a sangrar —musitou don Gustavo ao ver un regueiro acastañado entre as pernas dela.

Cubedo pediu o auxilio dalgunha criada máis, pero o señor dixo que, por ser domingo, Renata xa se retirara.

—Pero é unha emerxencia —replicou o médico.

—É domingo e está a descansar —contestou rotundo don Gustavo.

A Isabela, que o oíu ao entrar cargada coa almofía recén fervida, correulle a rabia polas veas, mais non dixo nada porque, a fin de contas, ela tamén era criada dese pazo e non quería xogar os cartos.

O doutor Cubedo atropelábase dándolle ordes a Isabela.

—Trae para aquí a auga, trae o alcol para desinfectar, trae o meu maletín, trae...

—Vou, doutor, vou.

—Non dá tempo a que veña a parteira de Vigo? —preguntou o médico.

—Non dá tempo, non —laiouse Isabela.

Cubedo sentiuse tan desasistido que a mandou ao pazo dos señores da Sardiña.

—A súa criada ten man cos partos —dixo.

—Do gando, doutor! —exclamou a rapaza.

—Que demoños importa agora!

—E é cega! —Isabela non podía concibir que aquela criada fose a solución.

Don Gustavo negou tres veces cunha furia que só el podía xustificar.

—Non, non, non! Baixo ningún concepto. Nesta casa non entrará ninguén que veña dese pazo.

—Señor Valdés, non hai máis remedio. Necesito axuda! —clamou o médico—. Cega, chosca ou como sexa.

Don Gustavo saíu do cuarto, mais aos poucos segundos volveu cos beizos cosidos. Da súa boca só saíron dúas palabras:

—Que veña.

Isabela voou a buscala ante a angustia do médico. Dona Inés tiña as meniñas dos ollos dilatadas e até o cabelo parecía que encanecese de súpeto. A criada soltáralle o moño e o pelo caíalle até os ombros.

—Señora, respire, respire profundo!

Mais dona Inés só podía berrar de dor e trabar nos cotenos para soportalo. A barriga, dura coma unha pedra.

—Non me chista que este sangue faga espuma —dixo o médico.

—Que quere dicir? —preguntou don Gustavo.

—Non é habitual, pero pasa.

A don Gustavo non lle importaba se era habitual. Só quería saber que raios significaba que o sangue fose escumoso e se a súa dona podía morrer.

—Doutor... —O médico estaba a preparar unha inxección—. Doutor —insistiu—, vai morrer?

Cubedo ergueu a cabeza e mirou para el coma se conxugase un verbo maldito.

—Non se lle ocorra volverme facer esa pregunta.

Don Gustavo achegouse á cama e a súa muller mirouno aos ollos coa tristura que deixa o infortunio. O señor empezou a enfiar os sucesos da súa vida coma se o tempo se estivese a esgotar, coma se o futuro fose dunha escaseza sombría, coma se faltarlle á súa esposa tivese esa penitencia insupportable. O seu pecado fora deixarse vencer polo instinto. Mais só foi con Renata, só con ela!, ruxiu a súa conciencia.

—Dáme a man, Gustavo.

Até a voz de dona Inés lle soou descoñecida.

Levou os dedos á boca para bicalos e lembrou as primeiras noites nesa mesma alcoba, onde consumaron o amor co que a vida os bendixera.

—Dona Inés, vou inxectarlle un coagulante.

O doutor Cubedo rompeu o silencio imposto no cuarto, pero don Gustavo deixara de escoitar. Nunca sospeitou que había necesitar redimir a culpa nin que sentiría en vida a condena. Non é que quixese quitarlle ferro ao suceso, mais podía xurar por todos os seus defuntos de Cuba que nunca deixara de querer a Inés desde o primeiro día que a viu con dezaseis anos, fresca coma unha alborada. O eco da outra muller, os seus berros de pracer, os xemidos ás agachadas retumbaron contra as paredes do pazo.

—Dona Inés, a hemorraxia parece controlada. Vou meter a man para ver como vén o neno. Respire fondo —O doutor apenas tardou uns segundos en confirmar que o neno viña de nádegas—. Por que demoños non chega a criada da Sardiña? —gríñiu.

Perdera a pulcritude e a elegancia con esa camisa xigantesca refucida até os cóbados e as dúas voltas da cintura do pantalón.

Nese intre Isabela entrou no cuarto guiando a parteira do gando. Enchoupadas, as mulleres parecían dúas pantasma transparentes. O médico e o señor asustáronse ao velas coma unha funesta aparición.

—Santo Ceo, santo Ceo! —berrou o médico—. Dades pavor!

A parteira, de nome Mariña, foise achegando até a cama e detivo os seus ollos níveos en dona Inés. Colocou a man sobre o ventre, escorre-

gouna até a entreperna e, nun xesto impropio dunha criada, apartou cun moquete a Cubedo.

—Déixeme a min —dixo.

—A criatura vén de nádegas —repuxo o médico.

—Non me diga? Nótoo á legua —Mariña empezou a organizar uns e outros cunha destreza insospeitada—. Isabela, abre as fiestras. Aquí hai concentración de demos! —exclamou—. Doutor, masaxee a barriga no sentido das agullas do reloxo.

A moza tirou a roupa mollada, pediu un camisón ou o que tivesen e axeonllouse aos pés da cama. Tiña cara de nena pequena, nin sequera de adolescente, mans de toupa e esa ollada, sempre ás escuras, de quen nunca vira a faciana da morte.

Cunhas artes adestradas nos partos de vacas, ovellas e cadelas agarrou as nádegas da criatura e foi turrando dela até separala para sempre das entrañas da nai. Dona Inés nunca sabería que profundo chegaría a ser o baleiro.

—É unha nena! —exclamou ao apalpala.

—Unha nena! —repetiu Isabela.

—Unha nena viva! —replicou a voz do doutor Cubedo.

—Unha nena... —oíuselle dicir a don Gustavo.

Naquel intre o señor Valdés non soubo que sentir nin que pensar.

Era a primeira nena que levaría o apelido Valdés. Durante tres xeracións, as femias resistíranse coma gato panza arriba.

Dona Inés estaba branca coma o leite. Parecía que perdera o sentido. Só balbucía palabras que ninguén entendía.

—Señora, aguante, que xa está aquí a súa nena.

A moza atou o embigo cunha seda e desinfectouno cunhas pingas de alcol. Xustou entón a nena chorou.

Isabela levouna correndo ao barreño e, mentres a limpaba, preguntou:

—Don Gustavo, como lle chamamos?

—Deixémonos de nomes agora, muller —contestou o doutor Cabido.

A criada do Espírito Santo achegouse ao médico a unha distancia pouco prudente.

—Perdoe, doutor... —dixo—. Tamén é urxente pasar esta nena pola Virxe, non vaia ser...

—Non sexas paxaro de mal agoiro! Xa está ben de ventar o mal, carallo! Xa falei!

Isabela puxo punto en boca, mais revella e insistente como ela era, aos dous segundos volveu sobre as súas palabras.

—Vostede será médico e eu criada, pero entrégolla á Virxe con nome como ten que ser.

Dito isto, envolveuna nunhas sabas limpas e botou a correr escaleiras abaixo. A noite repetiu o eco das palabras da parteira:

—Isabela, chamarase Carolina!

Quen o decidira non o soubo. Mais iso era o de menos. Coma o de menos foi que, en vez de Carolina, Isabela oíra Catalina e que con Catalina, nome de mártir, ficase para sempre.

A capela do pazo, de granito robusto e tellado a dúas augas, ficaba a escasos vinte metros da entrada principal. A criada abriu a porta de madeira e, axeonllada perante a figura da Virxe do Carme, pediu coma as devotas da parroquia pola pronta recuperación de dona Inés e o bo futuro da súa filla.

—Mire que filla lle traio! Chámase Catalina. Acóllaa, señora Virxe do Carme. E coide da nai. Eu prométole non faltar nin un domingo á misa.

Achegouna aos pés da imaxe e sostívoa uns minutos en alto. Pechou os ollos para rezar o que sabía de memoria e, cando os abriu, creu ver a Virxe chorando.

—Meu Deus, que cruz. Que cruz! —exclamou Isabela, co medo no estómago.

A don Gustavo tamén lle deu por chorar. Bicou a súa muller na testa e retirouse ao miradoiro das Cíes. Non lembraba pasar tanto medo en todos os días da súa vida. Nin cando saíu de Cuba. Nin cando xogou até o derradeiro real no serradoiro. Nin cando recibiu as novas das mortes dos seus familiares. Unha detrás doutra.

Nunca.

—Don Gustavo! —berrou a parteira Mariña—. Don Gustavo! Está vostede aquí? —preguntou.

Mais nada.

Don Gustavo parecía que se evaporara deste mundo. Desde o miradoiro tiña a panorámica perfecta da quinta na que se alzaba o imponente pazo. A capela, o hórreo, os fermosos xardíns escuros coma o horizonte a esas horas da mala noite de Punta do Bico. Ao fondo, lindando coas cortes e a palleira dos apeiros do campo, a casa dos gardiáns. Unha luz tenue de candil arrombado nun recanto iluminou a estancia de chans de pedra, estartelada e sucia. Don Gustavo puido identificar o corpo retorto de Renata, en posición de parto.

Coma o gando de Mariña.

A silueta debuxaba unha muller que lle ouveaba ao aire, con aceno doente, o pelo desordenado sobre a cara, as palmas das mans abertas empurrando a terra coma se quixese que se abrise baixo ela e o seu corpo expulsase a meniña que levaba dentro.

Os berros e a dor, quedou con eles.

Sen máis testemuñas ca a ollada afastada do señor Valdés, Renata deu a luz outra nena á que lle chamaría Clara. De apelido levaría o de Domingos, Alonso, e de segundo, Comesaña, o da nai.

Clara Alonso Comesaña.

—Señor Valdés?

—Estou aquí, rapaza —musitou.

Mariña guiouse pola voz, achegouse a el e tocoulle as costas. Estaba a tremer desde a caluga até os nocellos.

—Tráiolle auga? —volveu preguntar a parteira con preocupación.

—Non fai falta.

—Vaia coa súa dona.

Todo home, por imponente que sexa a súa fortuna, a súa sona ou a súa liñaxe, acaba cometendo un erro. O señor Valdés achegouse a dona Inés e chantou os ollos no ventre da súa esposa. Na ollada levaba prendido o peso de cometelo.